

14 Diciembre de 2015 - Revista 1051

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 3

BOLSAS E AXUDAS / 3


PREMIOS E CONCURSOS / 5

NOVAS DE EMPREGO / 6

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Correponentes Xuvenís do Colexio Divina Pastora de Ourense

Xoves, 10 Decembro 2015 12:31



Aquí podedes ver un vídeo realizado polos/as **Correponentes Xuvenís do Centro Plurilingüe Divina Pastora de Ourense**. Nel pódese ver o traballo desenvolvido polos/as Correponentes: <https://www.youtube.com/watch?v=Q24OvU86Qso&feature=youtu.be>

Na súa web podese ver tamén os traballos desenvolto, ademais de **Correponentes Xuvenís**: <http://luadixital.blogspot.com.es/>

Estupendo traballo. Parabéns ao alumnado e ao profesorado participante !!!

Aventura nas selvas Maias do Yucatán

Venres, 11 Decembro 2015 12:34



BBVA abre o prazo para participar na **Ruta BBVA 2016**.

Poderán participar mozos e mozas que teñan a nacionalidade dos países convidados: *Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, EEUU, España, O Salvador, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, Porto Rico, República Dominicana, Uruguai e Venezuela*; fillos de empregados do **Grupo BBVA** e aspirantes á **Embaixada da Discapacidade** (mocidade cunha discapacidade igual ou superior ao 33%), nados entre o **1 de xaneiro de 1997** e o **15 de xuño de 1998**, que estean a cursar ensinos medios/educación secundaria ou universitaria.

O **programa Ruta BBVA** desenvólvese durante unha viaxe cuxo itinerario pode ser en ocasións extremo. As condicións da viaxe requiren que os participantes se atopen en bo estado de saúde e forma física. Poderán participar como "embaixadores da discapacidade" os mozos cunha discapacidade recoñecida cun grao igual ou superior ao 33%.

Fases do concurso:

1. Envío online dun Formulario de Participación e do expediente académico dos dous últimos cursos académicos completos (Fase 1).

2. Presentación dun proxecto de emprendemento social (Fase 2).

3. Elaboración dunha creación musical ou dun traballo de investigación (Fase 3).

4. Realización dunha entrevista persoal vía Skype relativa aos traballos musicais ou de investigación presentados, da que se derivará a selección definitiva (Fase 4).

O **prazo** para presentar o formulario de participación estará aberto ata o **26 de xaneiro de 2016**.

Máis información en <http://www.rutabbva.com/>

Programa 'Unha viaxe polo Patrimonio da Comunidade', da REAJ

Venres, 11 Decembro 2015 17:29



Este programa é unha iniciativa da **Rede Española de Albergues Xuvenís** dirixida a aulas de 6º de primaria de calquer colexio público, privado ou concertado.

Trátase dun concurso de vídeos no que os colexios terán que mostrar o patrimonio e os albergues xuvenís da súa comunidade.

Hai 2 premios:

5.000€ (IVE Incluído) para visitar bens declarados **Patrimonio Mundial** con aloxamento en **Albergues REAJ** para o colexio gañador.

Equipación deportiva valorada en 1.000€ (IVE Incluído) que se sorteará entre todos os colexios participantes.

O cronograma establecido para este programa é o seguinte:

Inscripción e presentación de vídeos.

Até o **10 de marzo de 2016**.

Votación online e deliberación do xurado.

Do **15 de marzo de 2016** ao **15 de abril de 2016**.

Anuncio dos gañadores: **18 de abril de 2016**.

Realización da viaxe do colexio gañador:

Maio - Xuño de 2016.

Entrega dos diplomas aos alumnos do Curso de dirección e xestión de proxectos de participación xuvenil

Luns, 14 Decembro 2015 11:56



O pasado mes de novembro entregáronse os diplomas aos alumnos que veñen de superar o **Curso de dirección e xestión de proxectos de participación xuvenil**, organizado pola *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

A entrega realizouse en cada unha das cidades onde se celebrou: *Ourense, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Lugo e Vigo*. O curso impartido polo equipo da **Rede Galega de Dinamización Xuvenil** durante os meses de febreiro e marzo, tivo unha duración de 50 horas, 40 delas de contidos teóricos e 10 de actividades prácticas.

O **obxectivo** do curso foi o de dotar aos participantes de ferramentas para a mellora de competencias na planificación, redacción e xestión de proxectos de participación xuvenil. Para o cal o curso contiña 5 módulos:

1. Introducción á estrutura, deseño e xestión de proxectos de participación.
2. Deseño e elaboración dun proxecto de participación xuvenil. (I)
3. Deseño e elaboración dun proxecto de participación xuvenil. (II)
4. Execución, avaliación e xustificación de proxectos de participación xuvenil.
5. Formación en aptitudes e habilidades transversais.

Durante o período de inscrición do curso, foron máis de 300 os interesados na súa realización, polo que houbo que levar a cabo unha versión intensiva do mesmo durante unha fin de semana.

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Lugo

Mercores, 09 Decembro 2015 08:34



A **Escola Rural de Tempo Libre**, organiza en Lugo un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre**.

Datas: do 26 de decembro ao 3 de abril de 2016 en fins de semana.

Lugar: Centro LUG2. Rúa Pintor Corredoira, 4. Lugo.

Horario: 9:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00

Duración: 200 horas

Máis información na Escola Rural de Tempo Libre, teléfono 982 804 149 (en horario de oficina)

<http://www.escolaruraldetempolibre.org/>

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

Bolsas da Fundación Carolina 2016-2017

Venres, 11 Decembro 2015 11:45

A **Fundación Carollina** oferta **607 bolsas** distribuídas: 349 bolsas de posgrao, 50 da *Escola Complutense de verán*, 140 de doutorado, 29 de bolsas de mobilidade, 5 de proxectos ao emprendemento e 34 de estudos institucionais.

Estas bolsas están dirixidas ós estudantes de iberoamérica, para que completen a súa formación en España.

Máis información www.fundacioncarollina.es

BOLSAS E AXUDAS → MOBILIDADE

Bolsas de posgrao no estranxeiro da Fundación Barrié

Xoves, 10 Decembro 2015 07:57



A **Fundación Barrié** convoca a **27ª edición do Programa de Bolsas de Posgrao no Estranxeiro**, correspondente ao **curso académico 2016-2017**. O seu obxectivo é apoiar a formación de posgrao de titulados universitarios vinculados a Galicia; así como de fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación, en todos os ámbitos do coñecemento.

Convócanse un máximo de **30 bolsas**, distribuídas en dúas modalidades:

10 bolsas para a realización de estudos de Máster con dedicación a tempo completo, en institucións estranxeiras de referencia internacional. As bolsas concédense por un curso académico, prorrogable por un segundo curso cando a duración dos estudos a realizar así o requira: **Prazo** de inscrición do **4 de decembro 2015** ata o **15 de febreiro de 2016**.

20 axudas á mobilidade predoutoral para a realización de estanzas en centros de excelencia no estranxeiro, dirixidas a persoal investigador en formación con vinculación contractual ou bolsa. As axudas teñen por obxecto contribuír á formación e á mobilidade internacional de investigadores, así como impulsar o desenvolvemento das súas teses doutorais. As estanzas para as que se solicite a bolsa terán unha duración mínima de tres meses e máxima de seis meses, e desenvolveranse nun único período: **Prazo** de inscrición do **29 de xaneiro** ata o **28 de marzo de 2016**.

Dotación:

Gastos de inscrición e matrícula no centro de destino, sen límite de importe. Dotación inicial de 2.600 € brutos para gastos de transporte, instalación, asistencia a seminarios, libros e outros.

Asignación mensual de 1.600 € brutos en concepto de aloxamento, manutención e gastos adicionais.

Seguro de accidente e enfermidade cando os países de destino non teñan concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas fosen insuficientes.

Requisitos:

1. Nacionalidade. Os solicitantes da bolsa deberán ter a nacionalidade española.

2. Vinculación con Galicia. Os solicitantes da bolsa deberán ter unha vinculación con Galicia. Para ese efecto, considerarase que existe vinculación unicamente nos seguintes supostos:

Candidatos nados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Candidatos cun proxenitor nado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Candidatos empadroados en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia como mínimo 2 anos inmediatamente anteriores á data de apertura da convocatoria.

3. Titulación. Os solicitantes da bolsa deberán estar en posesión dun título universitario de Grao, Licenciatura ou Máster expedido por unha institución de educación superior oficial española ou estranxeira.

A presentación de solicitudes realizarase exclusivamente on-line, a través da plataforma electrónica dispoñible na páxina web da **Fundación Barrié**.

Máis información en <http://www.fundacionbarrie.org/es/programas/becas/becas-posgrado-en-el-extranjero>

BOLSAS E AXUDAS → OUTRAS

Subvencións a actividades xuvenís no concello de Lugo

Venres, 11 Decembro 2015 08:20



Concello de Lugo

O **Concello de Lugo** convoca **subvencións a asociacións sen ánimo de lucro** para o desenvolvemento de programas e actividades xuvenís, programas e actividades dirixidas ás mozas e mozos lucenses con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global e programas e actividades con participación xuvenil.

O **prazo** para presentar solicitude estará aberto ata o **26 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 11 de decembro de 2015.

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

Premios Literarios Minerva para alumnado da ESO e Bacharelato

Martes, 15 Decembro 2015 07:03



O Colexio Peleteiro convoca a a **44 edición dos Premios Literarios Minerva**.

Poderán participar alumnos de 3º e 4º de ESO e Bacharelato que cursen estudos en Galicia, e non teñan cumpridos os 20 anos o **31 de decembro de 2016**.

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: **Poesía** (un conxunto de tres poemas, de tema e forma libres) e **Narración** (con extensión máxima de seis folios a dobre espazo e de tema libre).

Participación:

Enviaranse seis exemplares en papel e unha copia en soporte informático (Arial 12). Neles figurará o título e un pseudónimo ou lema, pero non o nome do autor. Nun sobre pechado introduciranse os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo, teléfono particular, curso e Centro onde estudia), que -para acredita-la súa condición de alumno do Centro- virán selados polo Seminario de Galego.

No exterior do sobre figurarán unicamente o pseudónimo ou lema e o título da obra. Traballos e plica enviaranse conxuntamente a:

"PREMIOS LITERARIOS MINERVA",
Colexio "M. PELETEIRO".
Monte Redondo-Castiñeiriño.
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Premios:

Concederanse tres premios en cada modalidade, de 600, 400 e 250 € respectivamente, medalla de prata conmemorativa do **Certame e publicación das obras galardoadas** nun libro editado polo **Colexio "M. Peleteiro"** e distribuído pola Editorial Galaxia.

Estará constituído por escritores e profesores de Lingua ou Literatura de distintos centros de ensino de Galicia e darase a coñecer con anticipación á emisión do fallo.

O **prazo** para presentar obras estará aberto ata o **5 de febreiro de 2016**.

A entrega de premios terá lugar o día 6 de abril nun acto literario no Colexio "M. Peleteiro". Nel, os agasallados deberán ler, total ou parcialmente, a súa obra. Esta quedará en propiedade do Colexio organizador.

Máis información en http://www.peleteiro.com/gestion/documentos/b5bzBases_44_Premios_Minerva.pdf

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

XVI Edición Certame Relatos Curtos Os Viadutos

Mercres, 09 Setembro 2015 11:21



O **Concello de Redondela** convoca a **XVI Edición do Certame de Relatos Curtos Os Viadutos**.

PARTICIPANTES E OBRAS

Participará no certame mocidade de entre **17 e 35 anos** con obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

Os textos deberán ser orixinais, inéditos e non premiados nin recoñecidos ou seleccionados noutros certames.

Cada participante pode presentar un único relato. As obras estarán mecanografadas por unha cara a dobre espazo, tamaño de fonte 12, extensión mínima de dez folios e máxima de quince, debidamente encadernadas. Ademais do orixinal axuntaranse tres copias.

LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

As obras entregaranse no **Departamento de Xuventude do Concello de Redondela** en horario de atención ao público.

O **prazo** de presentación rematará o **27 de novembro do 2015**.

As obras poderán enviarse por correo certificado ou por calquera dos supostos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (modificado polo artigo 27 do Real Decreto-Ley 8/2011 de 1 de xullo), ao Departamento de Xuventude - Paseo da Xunqueira s/n- 36800 Redondela.

PREMIOS

Concederanse dous premios: o primeiro dotado con 1.200 euros e o segundo con 600 euros.

O **Xurado** poderá conceder, en base á calidade das obra, ata dous accésits. Estes carecerán de dotación económica.

Máis información:

Oficina de Información Xuvenil (OMIX)
Concello de Redondela
Correo Electrónico: omix@redondela.es
Teléfono: 986 400 798

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PUBLICO

Bolsa de traballo de auxiliares de axuda no fogar en Xunqueira de Ambía

Mercores, 09 Decembro 2015 07:59

O **Concello de Xunqueira de Ambía** está a elaborar unha bolsa de traballo de **auxiliares de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 9 de decembro de 2015 e na **OMIX de Xunqueira de Ambía**, teléfono 988 436 069.

Xuíz de paz de Lobeira

Venres, 11 Decembro 2015 07:50

O **Concello de Lobeira** convoca a prazas de **xuíz de paz**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **26 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 11 de decembro de 2015.

Bolsa de traballo de auxiliares de axuda no fogar en Vilar de Barrio

Venres, 11 Decembro 2015 07:53

O **Concello de Vilar de Barrio** está a elaborar unha bolsa de **traballo de auxiliares de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitude estará aberto ata o **18 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 11 de decembro de 2015 e en www.vilardebarrio.com

Administrativo/a para o Consorcio de Augas de Valdeorras

Venres, 11 Decembro 2015 07:56

O **Consorcio de Augas de Valdeorras** necesita contratar **un/ha administrativo/a**.

O **prazo** para presentar solicitude estará aberto ata o **17 de decembro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 10 de decembro de 2015.

Convocadas 20 prazas de Xestión especialidade Sanidade e Consumo

Luns, 14 Decembro 2015 12:48

O **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**, cconvoca **11 prazas na área de enfermería e 9 de técnicos de inspección**, polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días** contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 14 de decembro de 2015.** www.boe.es

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Operarios/as distribución eléctrica Activa e outras

Xoves, 10 Decembro 2015 07:16

Operarios/as distribución eléctrica Activa

Nº de postos: 2

Localidade: Alessandria - Norte de Italia

Funcións: Tarefas relacionadas coa distribución eléctrica (montaxe liñas de media e baixa tensión, centros de transformación e subestacións)

Titulación requirida: Ciclo Formativo Grao Medio, FP 1. Especialidade de Electricidade e Electrónica

Experiencia: Experiencia mínima de 2 anos en distribución eléctrica

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1637/operariosas-distribucion-electrica>

Palista Activa

Nº postos: 1

Localidade: Alessandria- Norte de Italia

Tarefas a realizar: propias do posto

Requisitos:

- Experiencia mínima de 2 anos en canalizacións eléctricas.
- Valoraranse estudos de Bacharelato ou FP.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1638/palista>

Electricistas Activa

Nº postos: 2

Localidade: Lalín

Contrato: 12 meses

Tarefas a realizar:

- Instalacións e mantemento industrial, con coñecementos en automatización.
- Realizara obra nova, fabricación e montaxe de cadros e instalacións de baixa tensión a nivel nacional.

Requisitos:

- Formación Profesional Grao Medio - Electricidade e Electrónica
- Experiencia mínima 1 ano
- Carné de conducir. Disponibilidade para viaxar.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1639/electricistas>

Enxeñeiros de Mecanizado Activa

Nº de postos: 2

Localidade: Santiago de Compostela

Tarefas a desenvolver: Deseño CAD 3D e Programación CAM

Requisitos: Enxeñeiro Técnico/Superior, Rama metal/mecánica.

Manexo de programas de deseño 3D (NX, Catia, Solidworks...)

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axenciallocaldecolocacion.org/ofertas/1640/enxeneiros-de-mecanizado>

Analista programador e programador senior java (A Coruña)

Xoves, 10 Decembro 2015 07:53

ISS Information System Services Profesionalia, empresa de servicios informáticos en Madrid e Barcelona, necesita cubrir dous postos de analista programador e programador senior java para A Coruña.

Ademais tamén se utiliza no proxecto:

Java 1.6 y/o 1.7
Jasperreports
iReport
Sql- server 2008 u Oracle
MyBatis
Weblogic 10.3.4
Spring
Log4j
Maven
Eclipse
Apache ANT

Lugar de traballo: A Coruña.

Horarios e salario flexibles.

Formación a cargo da empresa.

<http://www.ticjob.es/esp/trabajo/analista-programador-programador-senior-java/19557>

Programador/a Java/PHP/Framework Santiago de Compostela

Xoves, 10 Decembro 2015 08:02

Importante empresa do sector das telecomunicacións selecciona **programador/a** para a zona de Santiago de Compostela. Dúas prazas.

Seleccionamos **Programador/a Java/PHP o Framework Symfony** con coñecementos de:

Patrones de diseño:

DAO
Facaade
Factory
MVC

Frameworks: Hibernate, Struts2

Se require:

- Experiencia no desenvolvemento de proxectos de gran alcance.
- Gran capacidade de organización para atender prazos previstos.
- Con experiencia en documentación de proxectos.
- Responsabilidade.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/programador-a-java-php-framework/a-corunna/1755071/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=tecnologia-e-informatica&utm_term=a-corunna

Comercial inmobiliario A Coruña (zona de Carballo)

Xoves, 10 Decembro 2015 08:33

Taurus ibérica, asset management, necesita incorporar **un/ha comercial para a zona de Carballo**.

Funcións de compra-venda de inmobles.

Atención a clientes.

Visitas a inmobles e asesoramento.

Se require:

- Coñecementos previos na compra-venda inmobiliaria.
- Persoa emprendedora.
- Posta o día da carteira de inmobles e clientes.

Contrato de servizos (mercantil) baseado na comisión post vendas.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-inmobiliario-carballo-zona-costa-da-morte/a-corunna/1870263/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Comercial autónomo Ferrol (A Coruña)

Xoves, 10 Decembro 2015 08:40

Empresa San Vicente del Raspeig Telecomunicaciones, importante empresa consultora para obtención de permisos de comunidades de propietarios para a preinstalación de sistemas de fibra óptica, necesita cubrir 6 vacantes.

Funcións de manexo de paquete office e scaneo de documentos.

Formación a cargo da empresa e salario con incentivos (900-1400 euros/mes).

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-autonomo-para-ferrol/a-corunna/1783045/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Servizo limpeza doméstica Pontevedra e outra

Xoves, 10 Decembro 2015 08:58

Servizo limpeza doméstica Pontevedra

Grupo Abedul e unha empresa que presta servizos sociais por toda España, con sede nas Rozas (Madrid), necesita cubrir 10 vacantes.

Traballo para exercer a profesión dentro dun dos nosos centros en domicilio.

Ser autónomo será máis valorable por riba dos que non o son.

Competencias importantes no trato co cliente.

Flexibilidade horaria, salario a convenir.

Incorporación inmediata.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/servicio-de-limpieza-domestica/pontevedra/1895844/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra

Limpadores/as industriais (Vigo)

Nortempo ETT Vigo selecciona dous/duas limpadoras/es para zona Pontevedra e arredores.

Se require experiencia de dous anos mínimo en limpeza industriais e xeralmente no sector de automoción.

Experiencia valorable no manexo de produtos químicos.

Imprescindible dispoñibilidade para traballar en fins de semana.

Horario completo e media xornada.

Residencia en zona Pontevedra ou arredores.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/limpiadores-as-industriales/pontevedra/1872575/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra

URXENTE! Axte de Cociña Activa e outra

Xoves, 10 Decembro 2015 10:48

URXENTE! Axte de Cociña Activa

Nº de postos: 1

Localidade: Santiago

Requisitos:

- Formación en hostalaría.
- Valorarse experiencia profesional previa no posto.
- Dispoñibilidade horaria
- Para Centro Residencial

Contrato: 3 meses prorrogable a 6

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1643/urxente-axte-de-cocina>

Enxeñeiros de Mecanizado Activa

Nº de postos: 2

Localidade: Santiago de Compostela

Tarefas a desenvolver: Deseño CAD 3D e Programación CAM

Requisitos: Enxeñeiro Técnico/Superior, Rama metal/mecánica.

Manexo de programas de deseño 3D (NX, Catia, Solidworks...)

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1640/enxeneiros-de-mecanizado>

Oficial Técnico de caldeiras e calentadores de gas. Activa

Luns, 14 Decembro 2015 06:58

Nº de postos: 1

Localidade: Zona de Santiago

Tarefas a desenvolver: As propias do posto.

Requisitos: Experiencia no posto. Residencia na zona e carné de conducir.

Tipo de contrato: Indefinido.

Debes estar rexistrado e logueado para poder enviar o teu currículo.

<http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1641/oficial-tecnico-de-caldeiras-e-calentadores-de-gas>

Acompañante de transporte adaptado en Sada e A Coruña

Luns, 14 Decembro 2015 07:15

Acompañante de transporte adaptado en Sada (A Coruña)

Mantelnor Outsourcing SL. Coruña selecciona acompañante de transporte adaptado para servizo de ruta en zona de Sada - A Coruña.

As funcións serán as de recollida e acompañamento dos usuarios.

Serán requisitos os de experiencia previa, disponibilidad inmediata e mobilidade e a ser posible residencia en Cambre ou Sada ou arredores.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/acompante-de-transporte-adaptado/a-corunna/1887249/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=educacion-formacion&utm_term=a-corunna

Acompañante de transporte adaptado en A Coruña

Mantelnor Outsourcing SL. Coruña selecciona acompañante de transporte adaptado para servizo de ruta en zona de A Coruña.

As funcións serán as de recollida e acompañamento dos usuarios.

Serán requisitos os de experiencia previa, disponibilidad inmediata e mobilidade e a ser posible residencia en A Coruña ou arredores.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/acompante-transporte-adaptado/a-corunna/1895759/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm_term=a-corunna

Atención domiciliar Reino Unido A Coruña

Luns, 14 Decembro 2015 07:32

Reach Health Recruitment é unha empresa especializada no reclutamento de **Profesionais de saúde para o Reino Unido**.

Tarefas de atención domiciliar en Basingstoke con persoas de avanzada idade. Traballo baixo presión.

Se require pasaporte ou documentación da UE.

Nivel de inglés de conversación.

Permiso de conducción.

Traballo con flexibilidade ou por turnos.

Máis de 50 hrs. a semana.

Máis de 21 anos de idade.

Se ofrece contrato indefinido. Salario de 7,50 libras/hra.

Aloxamento por 150 pounds a semana.

Coche de servizo.

Formación NVQ/QCF.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/atencion-domiciliar-reino-unido/a-corunna/1885546/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm_term=a-corunna

Perruqueiro/a Pontevedra

Luns, 14 Decembro 2015 08:16

GRUPO ABEDUL, é unha empresa que presta servizos sociais e sanitarios por toda España.

Traballa con nos en todos os centros de maiores que temos por España.

Se require experiencia no sector da terceira idade.

Estabilidade laboral.

Flexibilidade horaria.

Salario a convenir. Incorporación inmediata.

Número de vacantes 10.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/pelequera-o/pontevedra/1879947/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net